

## EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 6, 52-59

Naquel tempo, discutían entre eles os xudeus:

– «¿Como pode este darnos a comer a súa carne?»

Díxolles entón Xesús:

– «Con toda verdade volo aseguro: se non comedes a carne do Fillo do Home e non bebedes o seu sangue, non teredes vida en vós. Quen come a miña carne e bebe o meu sangue ten vida eterna e eu resucitareino no derradeiro día.

Pois a miña carne é verdadeira comida e o meu sangue é verdadeira bebida. Quen come a miña carne e bebe o meu sangue permanece en min e eu nel.

Do mesmo xeito que o Pai que me mandou vive e eu vivo polo Pai, así tamén quen me coma vivirá por min.

Este é o pan que baixou do ceo; non semellante ó que comeron os pais, que mesmo así morreron: quen come este pan, vivirá para sempre.»

Dixo estas cousas ensinando na sinagoga, en Cafarnaúm.